

COMUNICADO Nº 196/23

30 DE AGOSTO DE 2023

DECISIÓN SOBRE MARTÍN CASTRO CALVELO DESPOIS DAS VERIFICACIÓNS DE OFICIO NO AUTOCROSS DE CARBALLO

Ao término do 16º Autocross de Carballo , o dorsal nº2 da categoría de -1,600 centímetros cúbicos, Martín Castro Calvelo, foi citado ás verificacións finais da proba debido a unha dúbida relacionada coa suspensión do seu automóbil.

Logo de precintar o amortiguador e trasladalo a un taller concertado (AR Vidal) para unha verificación máis minuciosa, chegouse a seguinte conclusión tras o informe do mesmo:

O amortecedor é un Bilstein comercial que se pode adquirir en casas de recambios. Desta forma e analizada a situación, confíase na veracidade da información facilitada por AR Vidal, polo que é un amortecedor plenamente legal para a categoría de -1,600 centímetros cúbicos no Campionato Galego de Autocross.

Desta forma os puntos asignados no 16º Autocross de Carballo considéranse definitivos posto que a legalidade da peza foi confirmada por todas as partes.